



Reclamante: [REDACTED], en representación de [REDACTED]
Expediente. Nº **RSCTG 0093/2017**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia á reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] en nome e representación de [REDACTED], mediante escrito que tivo entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia o 6 de outubro e no Rexistro do Valedor do Pobo o 10 de outubro de 2017, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta o seguinte acordo:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] en nome e representación de [REDACTED] presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 10 de outubro de 2017, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución da Alcaldía do Concello de Arteixo do 18 de xullo de 2017, pola que se concede acceso a [REDACTED] previa disociación dos datos de carácter persoal e económicos e previo pago das taxas correspondentes, a un expediente de reposición da legalidade urbanística no que é parte interesada [REDACTED] (expediente PLU 46/12DU).

O escrito de reclamación viña acompañado dunha notificación da resolución do concello de Arteixo de 18 de xullo de 2017, en relación ao procedemento de reposición da legalidade urbanística nº PLU 46/12 DU a [REDACTED], asinada dixitalmente o 19 de xullo de 2017, constando en informe do Concello de Arteixo do 18/1/2018, que a referida resolución notificouse ao [REDACTED] con data do 7/9/2017.

Segundo. O 17 de outubro de 2017 solicítaselle ao reclamante que acredite a representación [REDACTED] por calquera medio axustado en dereito. O reclamante, vía correo electrónico enviado con datas do 1 e 2 de novembro de 2017, consulta á secretaría da Comisión se pode presentar a documentación no portelo único do Concello e se neste caso tería os mesmos efectos que se se presentara directamente no rexistro xeral do Valedor do Pobo e si o prazo que se lle concedeu, compútase en días hábiles ou naturais. Pola Secretaría da Comisión da Transparencia se lle informa que se admite a presentación no Portelo Único que a Xunta de Galicia ten no Concello de Arteixo, e que o cómputo é en días hábiles.

Terceiro. O 15 de novembro de 2017 recíbese a documentación presentada no Concello de Arteixo que acredita a representación e a personalidade do reclamante. A presentación no Concello ten rexistro de entrada no Concello o 8 de novembro de 2017.

Cuarto. Con data do 20/2/2018, ten entrada no Rexistro do Valedor do Pobo copia do expediente e informe completo remitido polo Concello de Arteixo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das ditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei 1/2016, do 18 de xaneiro establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que é por tanto a competente.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación se axustará ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

O artigo 24 da Lei 1/2016 recoñece o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como *“os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”*.

O artigo 12 da Lei 19/2013 configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo calquera persoa, sen necesidade de que o solicitante estea obrigado a motivar a súa resolución, de acordo co disposto no artigo 26.4 da Lei 1/2016

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 15 de febreiro establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou dende o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

De acordo co anterior, a resolución recorrida notificouse o 7 de setembro, presentando o interesado o recurso o 6 de outubro, polo que debe admitirse a reclamación presentada por estar en prazo.

Quinto. Análise do expediente

O interesado alega en primeiro lugar, que o Concello de Arteixo concede o acceso ao expediente PLU 46/12DU a [REDACTED] por consideralo interesado no mesmo,

cando non debe consideralo como tal, de conformidade co disposto no artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dado que non ostenta interese lexítimo algún e tampouco se persoou no expediente antes de que recaese resolución definitiva.

O concepto de interesado nos procedementos de solicitude de información pública en materia de transparencia ten unhas peculiaridades que convén ter en conta. De acordo co disposto no artigo 12 da lei 19/2013, toda persoa ten dereito ao acceso información pública, sendo suficiente con que no expediente se acredite a identidade do solicitante, de acordo co disposto no artigo 17.2 da lei e sen que exista obriga de motivar a solicitude (artigo 17.3). No caso de que a solicitude se motive, poderá ser tida en conta cando se dite a resolución, non sendo en ningún caso a ausencia de motivación, por si soa, causa de rexeitamento da solicitude.

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, amplía aínda máis os dereitos do interesado, equiparándoo, de acordo co disposto no seu artigo 24, coa cidadanía en xeral. Este artigo reforza o dereito da cidadanía, garantíndolle, no exercicio do seu dereito ao acceso á información pública, a posibilidade de utilización da información obtida sen necesidade de autorización previa e sen mais limitacións que as derivadas desta ou doutras leis. Por tanto, non é necesario que o solicitante de información pública teña relación coa información ou co expediente do que solicita a información, coa materia da que solicita información, ou co lugar de residencia. O dereito de acceso á información pública non vén determinado polo feito dun interese concreto, xa que a normativa en materia de transparencia, implanta no ordenamento xurídico o dereito da cidadanía a solicitar dos gobernantes, no sentido máis amplo, calquera información pública que xulgue oportuna, e sobre todo aquela cuxo coñecemento sexa relevante para garantir a transparencia da súa actividade relacionada co funcionamento e control da actuación pública, tal como o expresa o artigo 5 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

De acordo co anterior, procede desestimar a alegación do recorrente, por canto [REDACTED] ten dereito á información pública.

En segundo lugar, o recorrente alega que no expediente de referencia constan datos de carácter persoal e información de contido económico e comercial [REDACTED], que non debe estar a disposición de terceiros.

Tal e como se establece na resolución recorrida, no expediente se tivo en conta a normativa de protección de datos de carácter persoal e o dereito dos cidadáns ao acceso á información pública, motivo polo cal na mesma se fai unha razoada ponderación, convenientemente xustificada, entre o dereito a protección de datos persoais e o dereito a información pública do seguinte xeito: no expediente non existen datos especialmente protexidos nos termos do artigo 7.2 e 7,2 da LOPD, senón unicamente datos meramente identificativos das persoas

intervintes nas actuacións (nome e apelidos, enderezos...) e datos económicos dos que o seu coñecemento non é relevante para os efectos e alcanzar o obxectivo de transparencia, polo que se cumpren ambas normativas, e por tanto se respectan os dereitos das partes no expediente disociándose a dita información e facilitándose o acceso parcial.

O anterior razoamento é conforme co disposto nos artigos 14 e 15 da Lei 9/2013, constando ademais no expediente que o 18 de maio de 2017, outorgóuselle a [REDACTED] un prazo de audiencia de quince días para que fixera as alegacións que considerase oportunas con respecto á solicitude de copia do expediente.

Ademais o Concello na súa resolución, concede o acceso de a cordo co disposto no artigo 22.2 da Lei 9/2013, é dicir, cando transcorrera o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo sen que se houbera formalizado, ou fora resolto confirmando o dereito ao acceso á información.

De acordo co anterior, procede desestimar a reclamación presentada, dado que o solicitante da información pública ten dereito a obtela, se cumpriron os trámites e se respectaron no expediente as previsións que establece a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal e en materia de transparencia.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia

ACORDA

Único: Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED], en nome e representación de [REDACTED] contra a contra a Resolución da Alcaldía do Concello de Arteixo do 18 de xullo de 2017, pola que se concede acceso a [REDACTED], previa disociación dos datos de carácter persoal e económicos e previo pago das taxas correspondentes, a un expediente de reposición da legalidade urbanística no que é parte interesada [REDACTED] (expediente PLU 46/12DU).

A formalización do acceso deberá realizarse de acordo co disposto no artigo 22.2 da Lei 9/2013.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto

no artigo 8.3 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, a 23 de maio de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga